



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 395
10 de decembro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 32947 (10/PPL-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia

[134048](#)

■ 38858 (10/PPL-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para o fomento da responsabilidade social en Galicia

[134048](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

■ 40795 (10/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38087, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

[134048](#)

■ 40805 (10/MOC-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38579, publicada no BOPG nº 371, do 16.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

[134049](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 40794 (10/MOC-000114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38227, publicada no BOPG nº 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018) [134050](#)

I 40799 (10/MOC-000116)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación nº 27682, publicada no BOPG nº 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018) [134050](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

I 39526 (10/PNP-002945)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0 [134051](#)

Aprobación con modificacións

I 37093 (10/PNP-002780)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior [134051](#)

I 37208 (10/PNP-002783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de «transporte á demanda» que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas [134052](#)

I 40088 (10/PNP-003000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas

[134052](#)

I 40278 (10/PNP-003026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías

[134053](#)

I 40356 (10/PNP-003031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia

[134053](#)

Rexeitamento da iniciativa

- 38254 (10/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense

[134054](#)

I 39171 (10/PNP-002917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común

[134054](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

I 40917 - 24730 (10/PRE-007738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos, os resultados obtidos nese ano, nomeadamente en materia de creación de emprego, e a posta en valor dos terreos, así como a valoración do Goberno galego respecto de cada un dos seis eixes do plan

[134060](#)

I 40916 - 32506 (10/PRE-008756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto [134063](#)

I 40919 - 24729 (10/PRE-009993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos [134066](#)

I 40915 - 32507 (10/PRE-010713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea [134069](#)

I 41069 - 33622 (10/PRE-011365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención e instalación do Hospital Psiquiátrico de Conxo [134072](#)

I 41088 - 33710 (10/PRE-011390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia na loita contra o cambio climático e a pegada de carbono na contratación pública [134074](#)

I 41065 - 34060 (10/PRE-011409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a xestión do servizo de pediatría en Bergantiños nos meses de verán [134076](#)

I 41063 - 34623 (10/PRE-011483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a atención pediátrica no concello de Cerceda [134079](#)

I 41107 - 35192 (10/PRE-011526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os incendios forestais declarados en agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense, as actuacións levadas e previstas pola Xunta de Galicia para a súa prevención, extinción e restauración da zona afectada, así como o estado de elaboración dos plans de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia [134082](#)

I 41114 - 35200 (10/PRE-011527)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais e a súa dotación dunha memoria económica, así como os danos ambientais provocados e a superficie queimada polos lumes rexistrados a finais de agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense

[134085](#)**I 41113 - 36092 (10/PRE-011583)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia de asumir a necesidade dunha tarifa eléctrica galega, así como a súa avaliación respecto do impacto da suba constante do prezo da electricidade nas economías domésticas, na pequena e mediana empresa e mais nas grandes industrias

[134088](#)**I 41106 - 36237 (10/PRE-011596)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para o cumprimento do establecido nas Directrices de ordenación do territorio e no Plan de ordenación do litoral respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Ence en Lourizán

[134090](#)**I 40913 - 36477 (10/PRE-011617)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis**

Sobre a relación dos concellos que se van beneficiar do Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, as obras que se pretenden financiar con cargo a ese plan en cada un deles e os criterios para a adjudicación das axudas previstas nel, así como a realización dalgunha convocatoria para ese fin, os requisitos exixidos e o baremo establecido para a súa concesión

[134092](#)**I 41087 - 36669 (10/PRE-011646)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a retirada e vixilancia dos requisitos medioambientais polo Goberno galego dos pneumáticos usados en Lendo, na Laracha

[134095](#)**I 41112 - 36801 (10/PRE-011657)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega

[134097](#)**I 41062 - 37774 (10/PRE-011725)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a opinión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da redución no curso 2018-2019 do profesorado especialista en Audición e Linguaxe que estaba a atender o alumnado con necesidades educativas específicas no CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño, así como as razóns desta decisión [134099](#)

I 41061 - 37791 (10/PRE-011727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as decisións e actuacións que está a valorar a Xunta de Galicia e as adoptadas e levadas a cabo para resolver a situación de incerteza xerada polo centro hospitalario privado Povisa, así como a dispoñibilidade dunha planificación alternativa no caso da súa renuncia á atención sanitaria dos doentes asignados, e a súa opinión respecto da incidencia das condicións establecidas no convenio asinado no ano 2014 para os intereses das parte [134101](#)

I 41060 - 38144 (10/PRE-011777)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares [134103](#)

I 41086 - 38230 (10/PRE-011785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego dos problemas que se presentan ao proxectar instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos ou en solos preto de zonas residenciais, así como as súas intencións respecto da modificación do punto 9.1.3.A (Criterios de localización, Xerais) do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, co fin de evitalos [134105](#)

I 41059 - 38522 (10/PRE-011811)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns da redución dos recursos para atender o alumnado con necesidades educativas especiais no CEIP Manuel Fraga Iribarne, de Cariño, no curso 2018-2019 [134107](#)

I 40912 - 38531 (10/PRE-011812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento [134109](#)

I 41058 - 38925 (10/PRE-011839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das interrupcións rexistradas entre os meses de xuño e setembro de 2018 no servizo sanitario do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, os datos referidos ás producidas ao longo do ano, así como as medidas de reforzo previstas para as campañas de vacinación e a cobertura das vacacións da matrona do Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Forcarei [134112](#)

I 41057 - 39317 (10/PRE-011884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos permisos e das vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira [134115](#)

I 41055 - 39699 (10/PRE-011909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación xerada no Hospital Comarcal do Salnés, como consecuencia do pechamento da terceira planta desde o mes de xuño, e as súas previsións en relación co incremento do seu cadro de persoal, así como a súa opinión respecto da incidencia que tivo a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde na capacidade asistencial dos hospitais comarcais e, en concreto, nese hospital [134118](#)

I 41053 - 40001 (10/PRE-011931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento, a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores das empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre, así como o control que está a levar a cabo respecto da prestación do servizo [134121](#)

I 41111 - 40110 (10/PRE-011938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada española no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol [134124](#)

I 41052 - 40156 (10/PRE-011943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación da atención pediátrica no concello de Zas, as súas previsións en relación co restablecemento das trinta e cinco horas semanais de atención que se viñan prestando, así como o establecemento dalgunha compensación económica para aquelas familias que teñen que desprazarse ata 40 quilómetros para recibila e as medidas previstas ao respecto [134126](#)

I 41068 - 40248 (10/PRE-011952)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os plans de continxencias previstos polo Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas a consecuencia dos picos da gripe ou outras enfermidades infecciosas, as súas razóns para non atender as demandas dos profesionais referidas aos medios e dispositivos de asistencia necesarios e o prazo previsto para mellorar os cadros de persoal dos centros sanitarios públicos, así como a súa opinión respecto do prazo de tempo razoable para a permanencia dunha persoa nun servizo de urxencias, dende a súa entrada ata o seu ingreso en planta [134129](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 4 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 32947 (10/PPL-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia

BOPG nº 331, do 04.07.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

- 38858 (10/PPL-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para o fomento da responsabilidade social en Galicia

BOPG nº 374, do 19.10.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

- 40795 (10/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38087, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

BOPG nº 390, do 28.11.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Puntos 3 e 4: rexeitados por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 2 e 5: rexeitados por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar en defensa dos puntos acordados no Parlamento galego no pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de Empresa de Alcoa á Xunta de Galicia e ao Goberno de España con data de rexistro do 30 de outubro de 2018.

Neste contexto, seguirá a impulsar unha unidade de acción para garantir o mantemento da actividade empresarial e o emprego en Galicia entre a empresa, os traballadores e as administracións públicas».

- 40805 (10/MOC-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38579, publicada no BOPG nº 371, do 16.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

BOPG nº 390, do 28.11.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Apartado A:

Puntos 1, 2 e 5: aprobados pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Puntos 3 e 4: rexeitados por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Apartado B:

Puntos 1 e 2: aprobados pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Punto 3: rexeitado por 18 votos a favor, 53 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Apartado A:

1. Demandar do Goberno do Estado que continúe co estudo e as medidas que está levando a cabo en relación coas condicións de traballo que se dan no sector de aloxamento turístico e particularmente nos hoteis, incorporando a perspectiva de xénero.

2. Impulsar o diálogo social entre a patronal e as organizacións sindicais para mellorar a calidade do emprego no sector turístico, con especial fincapé en posibles colectivos en risco por prexuízos de xénero.

3. Reunirse cos representantes do sector turístico creando un grupo de traballo específico en materia de xénero, que impulse medidas no ámbito da sensibilización, da formación e da aplicación de criterios de contratación que protexan os colectivos en risco.

Apartado B:

Solicitar do Goberno central:

1. Que se aumente o número de inspectores e inspectoras de traballo da Seguridade Social de Galicia en consonancia co recollido no Plan director por un emprego digno, aprobado polo Goberno do Estado, así como as inspeccións que se levan adiante no sector turístico e que afectan as condicións das traballadoras.

2. Que se inicie e axilice o procedemento de análise das condicións de traballo do sector de cara a posibilitar o recoñecemento da xubilación anticipada en función da natureza do traballo das camareras de piso».

Rexeitamento da iniciativa

- 40794 (10/MOC-000114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38227, publicada no BOPG nº 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

BOPG nº 390, do 28.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 40799 (10/MOC-000116)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación nº 27682, publicada no BOPG nº 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

BOPG nº 390, do 28.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

- 39526 (10/PNP-002945)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0

BOPG nº 380, do 06.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que requira do Goberno de España:

1) A sinatura, dentro deste ano, da orde de execución das fragatas F-110, un encargo imprescindible para a creación de máis de 7.000 empregos.

2) Garantir os investimentos tecnolóxicos e as infraestruturas que son necesarias para promover a conversión da factoría de Navantia nun Estaleiro 4.0».

Aprobación con modificacións

- 37093 (10/PNP-002780)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior

BOPG nº 362, do 26.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 66 votos a favor, 6 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado e aos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados, e no marco dos traballos que está a rematar a Subcomisión para a Reforma Electoral creada no seo da Comisión Constitucional, que modifique, con carácter de urxencia, a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos artigos

referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior, para que poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os residentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade».

- 37208 (10/PNP-002783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de «transporte á demanda» que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas

BOPG nº 362, do 26.09.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: rexeitado por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar os servizos de transporte á demanda, dentro da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia, co obxecto de garantir a mellora da mobilidade das persoas nas zonas rurais máis desatendidas».

- 40088 (10/PNP-003000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Puntos 2, 3 e 4: rexeitados por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta o Goberno galego a elaborar e aprobar, coa participación das entidades locais, universidades e asociacións de memoria histórica, un plan plurianual de investigación, localización, exhumación e identificación das vítimas do franquismo que están soterradas en foxas comúns en Galicia. O procedemento para a localización basearase na investigación por parte dun equipo multidisciplinar que teña en conta as fontes orais, as probas documentais e a relación de indicios que a xustifiquen. Os traballos de exhumación e identificación serán realizados por equipos profesio-

nais, con financiamento público e de conformidade cos protocolos establecidos. O obxectivo último do plan debe ser a entrega dos restos ás familias e o desenvolvemento de actos de enterramento digno».

- 40278 (10/PNP-003026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.

Punto 2: rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia:

—Amosa a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas auto-vías, por consideralo unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, pon en risco a seguridade viaria e supón un atranco o desenvolvemento económico é a cohesión social en Galicia.

—Insta a Xunta de Galicia a establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias das autoestradas de titularidade da Xunta de Galicia».

- 40356 (10/PNP-003031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo no que se analice o actual esquema retributivo dos responsables públicos galegos.

2. Realizar unha proposta que amose un compromiso real para establecer unha política retributiva máis transparente e coherente co fin de reducir o gasto total en soldos públicos.

3. Incluír nos cadros de persoal que forman parte da información dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia o número, categorías e retribucións de persoal eventual e de gabinete».

Rexeitamento da iniciativa

- 38254 (10/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense

BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 26 votos a favor, 40 votos en contra e 6 abstencións.

- 39171 (10/PNP-002917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común

BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 3 de decembro de 2018, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 40917 - 24730 (10/PRE-007738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos eu-

ropeos, os resultados obtidos nese ano, nomeadamente en materia de creación de emprego, e a posta en valor dos terreos, así como a valoración do Goberno galego respecto de cada un dos seis eixes do plan

- 40916 - 32506 (10/PRE-008756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto

- 40919 - 24729 (10/PRE-009993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

- 40915 - 32507 (10/PRE-010713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea

- 41069 - 33622 (10/PRE-011365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do informe do Defensor del Pueblo en relación coa atención e instalación do Hospital Psiquiátrico de Conxo

- 41088 - 33710 (10/PRE-011390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia na loita contra o cambio climático e a pegada de carbono na contratación pública

- 41065 - 34060 (10/PRE-011409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a xestión do servizo de pediatría en Bergantiños nos meses de verán

- 41063 - 34623 (10/PRE-011483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a atención pediátrica no concello de Cerceda

- 41107 - 35192 (10/PRE-011526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os incendios forestais declarados en agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense, as actuacións levadas e previstas pola Xunta de Galicia para a súa prevención, extinción e restauración da zona afectada, así como o estado de elaboración dos plans de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia

- 41114 - 35200 (10/PRE-011527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais e a súa dotación dunha memoria económica, así como os danos ambientais provocados e a superficie queimada polos lumes rexistrados a finais de agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense

- 41113 - 36092 (10/PRE-011583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia de asumir a necesidade dunha tarifa eléctrica galega, así como a súa avaliación respecto do impacto da suba constante do prezo da electricidade nas economías domésticas, na pequena e mediana empresa e mais nas grandes industrias

- 41106 - 36237 (10/PRE-011596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para o cumprimento do establecido nas Directrices de ordenación do territorio e no Plan de ordenación do litoral respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Ence en Lourizán

- 40913 - 36477 (10/PRE-011617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre a relación dos concellos que se van beneficiar do Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, as obras que se pretenden financiar con cargo a ese plan en cada un deles e os criterios para a adjudicación das axudas previstas nel, así como a realización dalgunha convocatoria para ese fin, os requisitos exixidos e o baremo establecido para a súa concesión

- 41087 - 36669 (10/PRE-011646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a retirada e vixilancia dos requisitos medioambientais polo Goberno galego dos pneumáticos usados en Lendo, na Laracha

- 41112 - 36801 (10/PRE-011657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega

- 41062 - 37774 (10/PRE-011725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da redución no curso 2018-2019 do profesorado especialista en Audición e Linguaxe que estaba a atender o alumnado con necesidades educativas específicas no CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño, así como as razóns desta decisión

- 41061 - 37791 (10/PRE-011727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as decisións e actuacións que está a valorar a Xunta de Galicia e as adoptadas e levadas a cabo para resolver a situación de incerteza xerada polo centro hospitalario privado Povisa, así como a dispoñibilidade dunha planificación alternativa no caso da súa renuncia á atención sanitaria dos doentes asignados, e a súa opinión respecto da incidencia das condicións establecidas no convenio asinado no ano 2014 para os intereses das parte

- 41060 - 38144 (10/PRE-011777)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

- 41086 - 38230 (10/PRE-011785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego dos problemas que se presentan ao proxectar instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos ou en solos preto de zonas residenciais, así como as súas intencións respecto da modificación do punto 9.1.3.A (Criterios de localización, Xerais) do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, co fin de evitalos

- 41059 - 38522 (10/PRE-011811)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns da redución dos recursos para atender o alumnado con necesidades educativas especiais no CEIP Manuel Fraga Iribarne, de Cariño, no curso 2018-2019

- 40912 - 38531 (10/PRE-011812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar

a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento

- 41058 - 38925 (10/PRE-011839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das interrupcións rexistradas entre os meses de xuño e setembro de 2018 no servizo sanitario do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, os datos referidos ás producidas ao longo do ano, así como as medidas de reforzo previstas para as campañas de vacinación e a cobertura das vacacións da matrona do Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Forcarei

- 41057 - 39317 (10/PRE-011884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos permisos e das vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira

- 41055 - 39699 (10/PRE-011909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación xerada no Hospital Comarcal do Salnés, como consecuencia do pechamento da terceira planta desde o mes de xuño, e as súas previsións en relación co incremento do seu cadro de persoal, así como a súa opinión respecto da incidencia que tivo a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde na capacidade asistencial dos hospitais comarcais e, en concreto, nese hospital

- 41053 - 40001 (10/PRE-011931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento, a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores das empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre, así como o control que está a levar a cabo respecto da prestación do servizo

- 41111 - 40110 (10/PRE-011938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada española no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol

- 41052 - 40156 (10/PRE-011943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación da atención pediátrica no concello de Zas, as súas previsións en relación co restablecemento das trinta e cinco horas semanais de atención que se viñan prestando, así como o establecemento dalgunha compensación económica para

aquelas familias que teñen que desprazarse ata 40 quilómetros para recibila e as medidas previstas ao respecto

- 41068 - 40248 (10/PRE-011952)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os plans de continxencias previstos polo Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas a consecuencia dos picos da gripe ou outras enfermidades infecciosas, as súas razóns para non atender as demandas dos profesionais referidas aos medios e dispositivos de asistencia necesarios e o prazo previsto para mellorar os cadros de persoal dos centros sanitarios públicos, así como a súa opinión respecto do prazo de tempo razoable para a permanencia dunha persoa nun servizo de urxencias, dende a súa entrada ata o seu ingreso en planta

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40917
Data envío: 27/11/2018 14:52:16.216
Data 27/11/2018 14:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32505**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avoga por unha Política Agrícola Comunitaria (PAC) forte e común máis alá do 2020, polo que é preciso que se manteña o actual orzamento e que esta política continúe baseada en dous piares (axudas directas e desenvolvemento rural), sendo o primeiro deles financiado exclusivamente con fondos europeos.

A Consellería do Medio Rural defende ante a Unión Europea, como representante das comunidades autónomas españolas, a postura de Galicia, froito do consenso entre a Xunta, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas.

Esta posición común sostén, entre outros principios, a defensa de máis peculiaridades das explotacións galegas dentro do plan estratéxico nacional que a Unión Europea establece para o novo período da PAC. O que se pretende é unha mellor adecuación dos obxectivos que persegue a política agrícola da UE ás características de cada territorio, pero evitando fragmentacións rexionais que só prexudicarían aos agricultores e gandeiros e romperían, ademais, a unidade de mercado.



Así mesmo, a Xunta de Galicia apoia a postura do Ministerio, reclamando unha PAC única, forte e dotada de orzamento, defendendo os intereses dos agricultores e gandeiros galegos e as peculiaridades da nosa comunidade autónoma, no que atinxe aos seus principais sectores produtivos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40917
Data envío: 27/11/2018 14:52:16.216

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2018 14:52:12

CSV: REXISTRO-AVsFNEpde-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40916
Data envío: 27/11/2018 14:51:54.013
Data 27/11/2018 14:51

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32506**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avoga por unha Política Agrícola Comunitaria (PAC) forte e común máis alá do 2020, polo que é preciso que se manteña o actual orzamento e que esta política continúe baseada en dous piares (axudas directas e desenvolvemento rural), sendo o primeiro deles financiado exclusivamente con fondos europeos.

A Consellería do Medio Rural defende ante a Unión Europea, como representante das comunidades autónomas españolas, a postura de Galicia, froito do consenso entre a Xunta, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas.

Esta posición común sostén, entre outros principios, a defensa de máis peculiaridades das explotacións galegas dentro do plan estratéxico nacional que a Unión Europea establece para o novo período da PAC. O que se pretende é unha mellor adecuación dos obxectivos que persegue a política agrícola da UE ás características de cada territorio, pero evitando fragmentacións rexionais que só prexudicarían aos agricultores e gandeiros e romperían, ademais, a unidade de mercado.



Así mesmo, a Xunta de Galicia apoia a postura do Ministerio, reclamando unha PAC única, forte e dotada de orzamento, defendendo os intereses dos agricultores e gandeiros galegos e as peculiaridades da nosa comunidade autónoma, no que atinxe aos seus principais sectores produtivos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40916
Data envío: 27/11/2018 14:51:54.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2018 14:51:50

CSV: REXISTRO-70QaG3nk-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40919
Data envío: 27/11/2018 14:52:31.732
Data 27/11/2018 14:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24729**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a execución da partida ou partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi contestada pola Secretaria Xeral Técnica, na Comisión 3ª celebrada o pasado 2 de marzo de 2018, dando resposta á pregunta 24728.

A porcentaxe de execución do Plan de Fixación da Poboación no rural impulsado pola Xunta e dotado con 230 millóns de euros sitúase por riba do 70% un ano despois da súa presentación.

O plan xira arredor de seis grandes eixos, que pasan pola cohesión territorial, a innovación e a formación, a agricultura sustentable, a mellora da competitividade, a remuda xeracional e a cooperación, subdividida en 23 medidas. Este plan desenvólvese nun escenario plurianual, que segundo as diversas medidas oscila entre os dous e os catro anos, marcando unha serie de indicadores, dotacións orzamentarias e obxectivos a cumprir. De maneira global, a porcentaxe de cumprimento con respecto a todo o escenario acadou xa no primeiro ano de vixencia máis do 70%.

Así, no eido da cohesión territorial, no 2017 leváronse a cabo un total de 717 actuacións de arranxo de camiños, o que permitiu mellorar 908 quilómetros de vías. No eido das reestruturacións parcelarias, impulsáronse obras por importe de arredor de 20 millóns de euros e para incrementar a base territorial das explotacións púxose en marcha o plan



Marcos, que permitirá acurtar sensiblemente os tempos de realización destes procesos, tal como destacou a secretaria xeral técnica.

En canto á medida de fomento de actividades non agrícolas no rural, ten entre os seus principais obxectivos crear e desenvolver empresas e fomentar a xeración de emprego e riqueza. Consonte a esta finalidade, establécese o compromiso de crear ou manter un total de 608 postos de traballo en tres anos, obxectivo que se está a cumprir debidamente.

No eido da medida Leader, a execución financeira acadou xa o 58% do total no ano 2017. Foron 399 proxectos aprobados e para gastos de funcionamento dos GDR dotáronse máis de 2,8 millóns de euros. Neste contexto, creáronse o pasado ano un total de 23 postos de traballo e existe o compromiso dos beneficiarios de manter 223 empregos en cinco anos.

En canto ao eixo da innovación, a investigación e o desenvolvemento, creáronse 82 grupos operativos e puxéronse en marcha 34 proxectos innovadores e 33 proxectos piloto, co desenvolvemento de 93 actividades de demostración. En materia de fomento da agricultura sustentable, esta medida está cumprida practicamente ao cen por cento.

No eido das tecnoloxías forestais, puxéronse en marcha un total de 112 proxectos, o que representa máis do 74% do indicador e, en canto á incorporación de mozos ao agro, está cumprido o 50% do obxectivo coa instalación de 618 agricultores no 2016 e doutros 466 no 2017”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40919
Data envío: 27/11/2018 14:52:31.732

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2018 14:52:28

CSV: REXISTRO-TsYRtb2nd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40915

Data envío: 27/11/2018 14:51:46.809

Data 27/11/2018 14:51

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32507**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avoga por unha Política Agrícola Comunitaria (PAC) forte e común máis alá do 2020, polo que é preciso que se manteña o actual orzamento e que esta política continúe baseada en dous piares (axudas directas e desenvolvemento rural), sendo o primeiro deles financiado exclusivamente con fondos europeos.

A Consellería do Medio Rural defende ante a Unión Europea, como representante das comunidades autónomas españolas, a postura de Galicia, froito do consenso entre a Xunta, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas.

Esta posición común sostén, entre outros principios, a defensa de máis peculiaridades das explotacións galegas dentro do plan estratéxico nacional que a Unión Europea establece para o novo período da PAC. O que se pretende é unha mellor adecuación dos obxectivos que persegue a política agrícola da UE ás características de cada territorio, pero evitando fragmentacións rexionais que só prexudicarían aos agricultores e gandeiros e romperían, ademais, a unidade de mercado.

Así mesmo, a Xunta de Galicia apoia a postura do Ministerio, reclamando unha PAC única, forte e dotada de orzamento, defendendo os intereses dos agricultores e gandeiros galegos

páxina 1 de 2



e as peculiaridades da nosa comunidade autónoma, no que atinxe aos seus principais sectores produtivos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2018 14:51:41





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33622**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Xunta de Galicia do informe do Defensor del Pueblo en relación á atención e instalación do Hospital Psiquiátrico de Conxo”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O informe foi valorado en profundidade e recolléronse aqueles aspectos que entendemos que mellorarán as instalacións e o funcionamento do centro.

En relación a valoración do informe do Defensor del Pueblo constan aspectos de mellora nos que existe compromiso de abordar, se ben existen determinados aspectos que non se comparten e que foron correctamente argumentados no informe de contestación ao Defensor.

Están sendo abordadas aquelas melloras consideradas prioritarias nun proceso progresivo.

A atención clínica é prestada por persoal sanitario especialista perfectamente cualificado, respectando o principio de autonomía dos pacientes.

Se están a abordar diferentes aspectos de mellora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:45:58
Nº Rexistro: 41069
Data envío: 29/11/2018 10:45:58.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:45:41

CSV: REXISTRO-f5x3AV Luit-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:06:03
Nº Rexistro: 41088

Data envío: 29/11/2018 13:06:03.164

Data 29/11/2018 13:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33710**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, don Raúl Fernández Fernández e dona María Luisa Pierres López sobre, **“as actuacións da Xunta de Galicia na loita contra o cambio climático e a pegada de carbono na contratación pública”**, (publicada no BOPG número 345 do 2 de agosto de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O cambio climático é un dos principais eixos de traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda como así o pon de manifesto a Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050 que se está elaborando. Ademais, o Goberno galego traballa no impulso da contratación pública sostible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:06:03
Nº Rexistro: 41088
Data envío: 29/11/2018 13:06:03.164

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 13:05:59

CSV: REXISTRO-ZWtqVrsBN-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34060**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre, “**a xestión de pediatría en Bergantiños nos meses de verán**”, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“ Actualmente existe, en Galicia e no conxunto do España, un déficit de especialistas en pediatría para cubrir as prazas xa existentes nos centros de saúde. Esta situación vese agravada nos períodos de ausencias estivais dos cadros de persoal habituais, que están recollidas como dereito dos traballadores.

Nos Concellos de Coristanco e Malpica contan con profesionais que prestan atención pediátrica aos 979 nenos dos mesmos, cunha cobertura de dez horas diarias de atención en quenda ordinaria.

No Servizo de Atención Primaria de Carballo hai catro pediatras para 4.000 nenos menores de 14 anos con horario de atención ordinario en quenda de mañá (8 a 15 horas).

En materia de asistencia sanitaria é importante primar a accesibilidade da poboación, para que o servizo estea garantido para a poboación cuberta, cunha proximidade razoable aos servizos.

O Servizo de Atención Primaria de Carballo conta cun equipo de pediatría cun número de profesionais que garante a cobertura permanente do servizo en quenda ordinaria, aínda en ausencia dalgún deles, e a continuidade asistencial en quenda de tarde-noite.

Durante os festivos queda garantida polo Punto de Atención Continuada de Carballo, que os 365 días do ano presta asistencia aos concellos de Malpica, Coristanco.

Durante os meses de xullo e agosto, e co consenso dos profesionais, a atención pediátrica dos tres concellos en quenda ordinaria, como xa se ven realizando fóra desta quenda, centralizouse no Servizo de Atención Primaria de Carballo.



Unha vez revisados os resultados, o número de consultas atendidas por profesional de pediatría para a poboación total (5.000 nenos) neste período foi duns 20 nenos/día, non houbo demoras na atención programada e non se rexistraron incidencias. Sempre é posible revisar a ordenación da asistencia e reaxustala segundo a demanda, pero, en xeral, o nivel de satisfacción dos usuarios foi positivo na súa atención en pediatría".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:38:00
Nº Rexistro: 41065
Data envío: 29/11/2018 10:38:00.032

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:37:55

CSV: REXISTRO-CGCcFPDVS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34623**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“a atención pediátrica no concello de Cerceda”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“ Actualmente existe, en Galicia e no conxunto do España, un déficit de especialistas en pediatría para cubrir as prazas xa existentes nos centros de saúde. Esta situación vese agravada nos períodos de ausencias estivais dos cadros de persoal habituais, que están recollidas como dereito dos traballadores.

No Concello de Cerceda hai 446 nenos de menos de 14 anos adscritos ao centro de saúde, dos que, menos de 100 son menores de 3 anos. O centro ten cobertura de pediatría de 3 horas en quenda ordinaria, fóra da cal, no horario de mañá, son atendidos por un médico/a de familia, xa que esta especialidade ten, dentro do seu programa formativo, a capacitación na atención aos nenos. No Servizo de Atención Primaria de Laracha hai un pediatra a xornada completa con horario de atención ordinario en quenda de mañá (8 a 15 horas).

En materia de asistencia sanitaria é importante primar a accesibilidade da poboación, para que o servizo este garantido para os usuarios, cunha proximidade razoable ao mesmo.

Durante o período estival, e mediante o consenso dos profesionais, a atención pediátrica en toda a Area Sanitaria da Coruña, e en toda Galicia, tivo que reaxustarse.

Nos concellos de Laracha e Cerceda en quenda ordinaria prestouse en Laracha durante as tres semanas de ausencia dun dos dous profesionais (segunda quincena de agosto e primeira semana de setembro), e fóra da quenda ordinaria, en quenda de atención continuada tarde e noite e festivos, a atención seguiuse a prestar tamén en Laracha, no Punto de Atención Continuada, como se ven realizando os 365 días do ano.



Revisados os resultados, o número de consultas atendidas na de pediatría, para a poboación total, neste período foi de 24 nenos/día. Non houbo demoras na atención programada e non se rexistraron incidencias.

Sempre é posible revisar a ordenación da asistencia e reaxustala segundo a demanda, pero, en xeral, non houbo incidencias e o nivel de satisfacción dos usuarios foi positivo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:37:39
Nº Rexistro: 41063
Data envío: 29/11/2018 10:37:39.548

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:37:35

CSV: REXISTRO-Qc3866Y9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35192**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, “**os incendios forestais declarados en agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense, as actuacións levadas e previstas pola Xunta de Galicia para a súa prevención, extinción e restauración da zona afectada, así como o estado de elaboración dos plans de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia**”, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O Parque Natural do Invernadoiro ten en vigor a avaliación de riscos, o plan de acción e as medidas de emerxencias redactados polo Servizo de Prevención de Riscos. Non foi preciso evacuar visitantes e canceláronse as actividades previstas e as visitas co fin de limitar os posibles riscos.

Segundo informe realizado por RETEGAL, a cobertura da Rede de Comunicacions Móviles Dixitais de Emerxencias e Seguridade de Galicia no Parque Natural do Invernadoiro é boa na maior parte da súa superficie e máis que suficiente na práctica totalidade das zonas operativas habituais visitadas.

O parque conta cunha rede de infraestruturas de prevención e apoio a extinción eficaces e suficientes.

Os labores de rexeneración no Parque Natural do Invernadoiro comencaron de maneira inmediata unha vez realizadas as primeiras avaliacións e determinadas as necesidades urxentes.

En relación aos plans de uso e xestión dos parques naturais, cómpre subliñar que os PRUX dos parques de Invernadoiro, Serra da Enciña de Lastra, Corrubedo e Monte Aloia están na actualidade na fase de información pública. E os PRUX de Baixa Limia e Serra do Xurés, e de Fragas do Eume, atópanse en fase de redacción.

A Consellería do Medio Rural informou da existencia de dous lumes no concello ourensán de Vilariño de Conso, parroquia de San Mamede de Hedrada, que afectaron ao parque natural do Invernadoiro o pasado 22 de agosto de 2018.



Ambos incendios comezaron ás 16,10 horas desa tarde, quedando un deles extinguido o 26 de agosto ás 18h53 e afectando unha superficie de 13,68 hectáreas de monte raso. No lugar levan traballado 5 técnicos, 41 axentes, 98 brigadas, 41 motobombas, 5 pas, 14 helicópteros e 7 avións.

O outro incendio quedou completamente extinguido o 27 de agosto ás 21,27 h. Segundo as últimas estimacións, afectou unha superficie de 99,16 hectáreas, 70,16 de monte raso e outras 29 de arborado. Neste incendio traballaron 4 técnicos, 29 axentes, 79 brigadas, 33 motobombas, 5 pas, 16 helicópteros e 5 avións.

Ademais, o pasado 28 de agosto produciuse un lume forestal no concello ourensán de Vilariño de Conso, parroquia de Padroalbar, que afectou ao parque natural do Invernadeiro. O incendio comezou ás 08,54 horas como consecuencia de un raio e deuse por extinguido ás 19.09 horas. Segundo as estimacións, afectou unha superficie de 3,2 hectáreas. No lugar traballaron 1 técnico, 6 axentes, 23 brigadas, 9 motobombas, 2 pas, 7 helicópteros e 5 avións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:44:04
Nº Rexistro: 41107
Data envío: 29/11/2018 13:44:04.833

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 13:44:01

CSV: REXISTRO-9CP1605TH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 16:38:23
Nº Rexistro: 41114

Data envío: 29/11/2018 16:38:23.357

Data 29/11/2018 16:38

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35200**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, don Xoaquín María Fernández Leiceaga, don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández sobre, **“as previsións do Goberno galego respecto do deseño dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais e a súa dotación dunha memoria económica, así como os danos ambientais provocados e a superficie queimada polos lumes rexistrados a finais de agosto de 2018 no parque natural do Invernadoiro, na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural informou da existencia de dous lumes no concello ourensán de Vilariño de Conso, parroquia de San Mamede de Hedrada, que afectaron ao parque natural do Invernadeiro o pasado 22 de agosto de 2018.

Ambos incendios comezaron ás 16,10 horas desa tarde, quedando un deles extinguido o 26 de agosto ás 18h53 e afectando unha superficie de 13,68 hectáreas de monte raso e o outro quedou completamente extinguido o 27 de agosto ás 21,27 h. Segundo as últimas estimacións, afectou unha superficie de 99,16 hectáreas, 70,16 de monte raso e outras 29 de arborado.

Ademais, o pasado 28 de agosto produciuse un lume forestal no concello ourensán de Vilariño de Conso, parroquia de Padroalbar, que afectou ao parque natural do Invernadeiro. O incendio comezou ás 08,54 horas como consecuencia de un raio e deuse por extinguido ás 19.09 horas.

As labores de rexeneración no Parque Natural do Invernadeiro comezaron de maneira inmediata unha vez realizadas as primeiras avaliacións e determinadas as necesidades urxentes.

páxina 1 de 2



Concretamente, as Unidades Ambientais (UAAA) afectadas polo lume foron:

- Superficies de queirogais
- Matogueiras e medios rochosos silíceos
- Superficies de Bosques antigos
- Piñeirais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 16:38:23
Nº Rexistro: 4114
Data envío: 29/11/2018 16:38:23.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 16:38:16

CSV: REXISTRO-RP4C3uMV7-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36092**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as intencións da Xunta de Galicia referidas á asunción da necesidade dunha tarifa eléctrica galega, así como a súa avaliación respecto do impacto da suba constante da electricidade nas economías domésticas, na pequena e mediana empresa e nas grandes industrias”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 36087 que tivo lugar na sesión plenaria do 20 de novembro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-20?part=1301f080-86e4-484d-a177-823b582e9d73&start=8118>.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 16:38:12
Nº Rexistro: 4113
Data envío: 29/11/2018 16:38:12.419

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 16:38:08

CSV: REXISTRO-9zYzhDW5u-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36237**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as previsións do Goberno galego para o cumprimento do establecido nas Directrices de ordenación do territorio e no Plan de ordenación do litoral respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Ence en Lourizán”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre subliñar que nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) non hai determinacións específicas sobre ENCE. Unicamente se indica a súa saída como unha actuación prevista dentro do capítulo da memoria do sistema de asentamentos e infraestruturas básicas dedicado á rexión urbana Vigo-Pontevedra.

A referencia que se fai no Plan de Ordenación do Litoral (POL) respecto das DOT vén pola obriga que marcan estas últimas para os instrumentos de planificación urbanística e os plan xerais de ordenación municipal de identificar os asentamentos que precisen accións de recualificación (determinación 3.1.3).

Doutra banda, e segundo se indica na disposición transitoria segunda, o POL respecta os plans e proxectos sectoriais aprobados á súa entrada en vigor.

Finalmente, o artigo 95.1 do POL, relativo ás edificacións e usos existentes indica que os que estean legalmente implantados antes da entrada en vigor do Plan poderán seguir desenvolvendo a súa actividade. No punto 3 de mesmo artigo indícase que as obras ou instalacións existentes en dominio público marítimo-terrestre e servidume de protección á entrada en vigor da Lei de Costas, como é o caso de ENCE, estarán ao que se establece na Disposición Transitoria Cuarta da citada Lei, polo que a regulación dos mesmos queda remitida á propia Lei de Costas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:43:55
Nº Rexistro: 41106
Data envío: 29/11/2018 13:43:55.536

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 13:43:48

CSV: REXISTRO-19lgRwtu-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40913
Data envío: 27/11/2018 14:51:29.544
Data 27/11/2018 14:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36477**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a relación dos concellos que se van beneficiar do Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, as obras que se pretenden financiar con cargo a ese plan en cada un deles e os criterios para a adxudicación das axudas previstas nel, así como a realización dalgunha convocatoria para ese fin, os requisitos exixidos e o baremo establecido para a súa concesión”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural achegará este ano ata 2,7 millóns de euros a 65 concellos para levar a cabo obras con carácter de urxencia. Farase a través do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR). Distribuídos por provincias do seguinte xeito: 14 foron na provincia de A Coruña, 19 en Lugo (actuación conxunta nos concellos de Becerreá-Triacastela), 20 en Ourense e 12 en Pontevedra.

Con este investimento poderanse acondicionar 125 camiños cunha lonxitude total de actuación superior aos 73 quilómetros, instalar máis de 500 metros de canalizacións de abastecemento de auga ou regadío e reconstruír total ou parcialmente máis de 200 metros de muros de pedra en camiños.

Na adxudicación destas subvencións prima a urxencia e a necesidade de axudar aos municipios con carencias en infraestruturas ou con mal estado das mesmas. Este orzamento vén sumarse aos 16 millóns de euros do Plan marco de mellora de camiños municipais, que busca ampliar, mellora e manter os camiños de competencia local. Polo tanto, a consellería inviste case 19 millóns de euros en axudar aos concellos a manter as súas infraestruturas.

páxina 1 de 2



A través do PIR realizáronse no 2017 80 actuacións nos municipios galegos cun investimento superior aos 4,5 millóns de euros. Este plan ten importantes beneficios para o rural xa que favorece a mobilidade dos cidadáns e o seu acceso aos servizos básicos e imprescindible para levar a cabo actividades produtivas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40913
Data envío: 27/11/2018 14:51:29.544

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2018 14:51:25

CSV: REXISTRO-5YTkBbM-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:05:55
Nº Rexistro: 41087

Data envío: 29/11/2018 13:05:55.070

Data 29/11/2018 13:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36669**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“a retirada e vixilancia dos requisitos medioambientais polo Goberno galego dos pneumáticos usados en Lendo-A Laracha”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está traballando na retirada dos pneumáticos que se atopan en Lendo-A Laracha. Ata o momento, retiráronse preto de 13.000 toneladas e os traballos rematarán ao longo de 2019. Na execución destes traballos estanse cumprindo todos os requisitos, tanto os de vixilancia como os medioambientais“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:05:55
Nº Rexistro: 41087
Data envío: 29/11/2018 13:05:55.070

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 13:05:51

CSV: REXISTRO-mze4dVdby-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36801**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as actuacións do Goberno galego en relación á baixada na valoración da sanidade pública galega”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.11.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 36800 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 16:38:02
Nº Rexistro: 4112
Data envío: 29/11/2018 16:38:02.466

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 16:37:44

CSV: REXISTRO-olhalHBqW-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37774**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona María de la Concepción Burgo López e don José Manuel Pérez Seco sobre, **“a opinión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da redución, no curso 2018-2019, do profesorado especialista en audición e linguaxe que estaba a atender o alumnado con necesidades educativas específicas no CEIP Manuel Fraga Iribarne, do concello de Cariño, así como as razóns desta decisión”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 38523, debatida na Comisión 4ª de data 27/11/2018 e á que nos remitimos porque serviu para explicar que, a día de hoxe, o centro polo que se interesa a iniciativa conta co profesorado necesario para atender a todo o seu alumnado e para desenvolver as medidas de atención á diversidade que son realmente precisas, tal e como acordaron Inspección Educativa e o Servizo de Orientación.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-11-27?part=0cc8cbdb-5afd-45d2-8ab8-8cdc2ce682fc&start=53>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:37:30
Nº Rexistro: 41062
Data envío: 29/11/2018 10:37:30.610

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:37:27

CSV: REXISTRO-9e1kz6eyW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37791**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as decisións e actuacións que está a valorar a Xunta de Galicia, así como as adoptadas e levadas a cabo para resolver a situación de incerteza xerada polo centro hospitalario privado Povisa, a dispoñibilidade dunha planificación alternativa no caso da súa renuncia á atención sanitaria dos doentes asignados, e a súa opinión respecto da incidencia das condicións establecidas no convenio asinado no ano 2014 para os intereses das partes”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos a resposta facilitada polo Xerente do Sergas ás preguntas acumuladas nº 38006 e 38247 na Comisión 5ª do 25 de outubro de 2018 e que poden ser consultadas no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-10-25>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:37:21
Nº Rexistro: 41061
Data envío: 29/11/2018 10:37:21.407

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:37:13

CSV: REXISTRO-HJERxcByx-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:37:05
Nº Rexistro: 41060

Data envío: 29/11/2018 10:37:05.313

Data 29/11/2018 10:36

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38144**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e don Antón Sánchez García sobre, “**as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de Educación Infantil no CPI As Mirandas, de Ares**”, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 38146, debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/10/2018 e a que nos remitimos porque serviu para explicar a adaptación dos postos de traballo de mestres de Infantil ás necesidades reais do alumnado do CPI As Mirandas de Ares.

Pode consultarse a resposta ofrecida a través do seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-10-24?
part=7e592a4f-c1ef-4bd1-b7b8-1491773f16ee&start=6961](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-10-24?part=7e592a4f-c1ef-4bd1-b7b8-1491773f16ee&start=6961)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:37:05
Nº Rexistro: 41060
Data envío: 29/11/2018 10:37:05.313

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:36:59

CSV: REXISTRO-jjhy5ktp-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:05:39
Nº Rexistro: 41086
Data envío: 29/11/2018 13:05:39.367
Data 29/11/2018 13:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **38230**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, “**o coñecemento polo Goberno galego dos problemas que hai cando se proxectan instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais, así como as súas intencións respecto da modificación do apartado 9.1.3.A (Criterios de Emprazamento, Xerais) do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, co fin de evitalos**”, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Esta cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 21 de novembro de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á interpelación con número de rexistro 38227.

Na súa intervención, a conselleira respondeu ás cuestións plantexadas sobre os proxectos de instalación de plantas de residuos e sobre o Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA).

O enlace ao vídeo da sesión plenaria celebrada o pasado 21 de novembro de 2018 é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-21?part=93bf57d7-d898-4f7e-82c8-6b1835038bff&start=14353>.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:05:39
Nº Rexistro: 41086
Data envío: 29/11/2018 13:05:39.367

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 13:05:16

CSV: REXISTRO-WzXmFLdq4-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:36:51
Nº Rexistro: 41059

Data envío: 29/11/2018 10:36:51.500

Data 29/11/2018 10:36

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38522**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Flora María Miranda Pena sobre, “**as razóns da redución dos recursos para atender o alumnado con necesidades educativas especiais no CEIP Manuel Fraga Iribarne, de Cariño, no curso 2018-2019**”, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 38523, debatida na Comisión 4ª de data 27/11/2018 e á que nos remitimos porque serviu para explicar que, a día de hoxe, o centro polo que se interesa a iniciativa conta co profesorado necesario para atender a todo o seu alumnado e para desenvolver as medidas de atención á diversidade que son realmente precisas, tal e como acordaron Inspección Educativa e o Servizo de Orientación.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-11-27?part=0cc8cbdb-5afd-45d2-8ab8-8cdc2ce682fc&start=53>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:36:51
Nº Rexistro: 41059
Data envío: 29/11/2018 10:36:51.500

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:36:48

CSV: REXISTRO-SkmPbwJ7w-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40912
Data envío: 27/11/2018 14:50:58.527
Data 27/11/2018 14:50

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38531**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 23 de novembro de 2018.

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias respondeu á pregunta oral nº. 38532, sinalando que a Consellería do Medio Rural está estudando a posibilidade de implantar en Galicia os matadoiros móbiles para o sector ovino e cabrún.

Ante a dificultade do sector ovino e cabrún á hora de levar os animais aos matadoiros polos custos que implican tanto de traslado como de sacrificio, buscouse unha solución que abordase alternativas para os produtores.

En primeiro lugar realizouse un estudo do número de explotacións, tamaño e categoría. Unha vez rematada esta fase, analizáronse os sistemas deste tipo que había noutros lugares do mundo, xa que en España non se aplica aínda en ningunha comunidade autónoma. Tras esta avaliación, apostouse pola alternativa que aplican en Suecia e Finlandia que consiste nun vehículo adaptado con diferentes espazos: sala de sacrificio,



despece, esterilización, cámara frigorífica... Ademais, este matadoiro móbil tería un paquete software especializado e un veterinario oficial, daríase garantía a todas as medidas e cuestións sanitarias que esixe a lexislación.

Unha das vantaxes deste sistema é que xa está adaptado á normativa comunitaria, algo imprescindible para comezar a operar tamén en Galicia. Así mesmo, e para poñer en funcionamento estes sistemas é preciso dispor dunha normativa específica nesta materia, que a día de hoxe non existe en España.

A través desta solución, Medio Rural tratará non só de dar máis rendibilidade aos produtores senón de gañar en benestar animal. Ademais, como consecuencia directa, os matadoiros móbiles favorecerán as zonas con limitacións naturais, o comercio de proximidade, etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40912
Data envío: 27/11/2018 14:50:58.527

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/11/2018 14:50:35

CSV: REXISTRO-HOPP16a1A-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38925**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez sobre, **“a opinión do Goberno galego respecto das interrupcións rexistradas entre os meses de xuño e setembro de 2018 no servizo sanitario do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, os datos referidos ás producidas ao longo do ano, así como as medidas de reforzo previstas para as campañas de vacinación e a cobertura das vacacións da matrona do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Forcarei”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A pesar da escaseza de profesionais en listas de substitución, a xestión das libranzas e vacacións dos profesionais, faise con criterios técnicos que garanten unha asistencia sanitaria de calidade a todos os pacientes e facilita o goce de vacacións regulamentarias. O Servizo sanitario non se interrompeu en Soutelo nin en Forcarei

Os meses e horas de ausencias durante o 2018 no Centro de Saúde de Soutelo de Montes foron os seguintes:

No mes marzo, dous días de ausencia de dúas horas cada día; no mes de abril un día de ausencia de 3 horas; no mes de xuño un día de ausencia de 3 horas e no mes de xullo dous días cun total de 7 horas. En todos os casos se xurdira algunha incidencia durante esas horas, derivaríase ao Centro de Saúde de Forcarei e ademais notificaríase ao 061 esta circunstancia.

A vacinación da poboación realízase ao longo de todo o ano tanto en adultos como en pediatría de acordo co calendario vacinal establecido para cada idade.

Coincidindo co final de outono e comezo do inverno, prodúcese cada ano unha campaña dirixida a protexer á poboación máis vulnerable da gripe, realizada polo equipo asistencial, que xestiona e programa dita campaña de cada cota de profesionais en cada Centro de Saúde.



No caso da pediatría, en vacacións do/a titular procédese ao bloqueo de axenda e a valoración dos nenos por parte do médico de familia, con coñecemento e capacitación para atender aos menores.

Cunha actividade media de 1,33 pacientes ao día, ao non dispoñer de matronas nas listas de substitución, prográmase a súa actividade antes das vacacións e as necesidades ou incidencias que xurdan durante a ausencia desta, son atendidas pola matrona de Cotobade, tanto en Carballedo como en Tenorio e valoradas polo médico de familia en caso de problemas de saúde. As urxencias obstétricas e xinecolóxicas aténdense no hospital de referencia durante todo o ano.

A análise da actividade dos Centros de Saúde de Forcarei e Soutelo reflicten que a dotación é adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos como na poboación infantil, para os veciños deste municipio".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:36:43
Nº Rexistro: 41058
Data envío: 29/11/2018 10:36:43.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:36:39

CSV: REXISTRO-RhsOgaAyc-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39317**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos permisos e das vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A escaseza de profesionais de Atención Primaria é unha realidade que afecta non só a nosa Comunidade Autónoma senón tamén ao resto de Comunidades Autónomas de España.

No Centro de Saúde de Catoira hai unha profesional en situación de IT desde o 18 de setembro de 2018. Desde ese momento, nos meses de setembro, outubro e novembro, foi cuberta a súa ausencia ben por substitución ou por intersubstitución.

Catoira conta cunha poboación de 3.376 habitantes (INE 2016) que está decrecendo. En 2012 tiña 3.484 habitantes.

O número total de TIS (tarxeta individual sanitaria a 6-11-2018) é de: 2.488, das que 698 son de maiores de 65 anos e 281 son de pediatría (de 0 a 14 anos).

A media de TIS por profesional sitúase ao redor de 1.200. Os cocientes (ou cotas) considerados como adecuados polas sociedades médicas e científicas así como os demais servizos de saúde de España e organismos internacionais sitúanse entre as 1.300 a 1.500.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isócrona respecto do hospital de referencia así como do PAC, etc.

Catoira conta cun Centro de Saúde no que prestan asistencia 2 médicos de familia, 2 enfermeiras e 1 PSX e os luns, martes, xoves e venres acode media xornada 1 pediatra .



Está situado a 14 Km de Vilagarcía, onde se atopa o seu PAC (punto de atención continuada), a 16 Km. do Hospital do Salnés (servizo de urxencias) e a 36,4 Km de Pontevedra: Hospital Provincial (urxencias materno infantís) e Hospital Montecelo (urxencias xeral).

A actividade de Urxencias, é coordinada polo 061, quen define, con criterios de carácter técnico os medios con que debe dotar cada área.

Á luz dos datos analizados e dos recursos sanitarios que o SERGAS ten a disposición dos veciños de Catoira, consideramos que a atención ordinaria, a atención continuada e a atención urxente (Hospitais do Salnés, Provincial e Montecelo) é a adecuada á poboación que se asiste.

As ausencias dos profesionais estanse a cubrir cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:36:35
Nº Rexistro: 41057
Data envío: 29/11/2018 10:36:35.078

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:36:30

CSV: REXISTRO-CDzGlmKSG-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39699**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez sobre, **“a valoración do Goberno galego referida á situación xerada no Hospital Comarcal do Salnés, como consecuencia do pechamento da terceira planta desde o mes de xuño, e as súas previsións en relación co incremento do seu cadro de persoal, así como a súa opinión respecto da incidencia que tivo a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde na capacidade asistencial dos hospitais comarcais e, en concreto, nese hospital”**, (publicada no BOPG número 384 do 15 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As camas do Hospital do Salnés están sempre dispoñibles, independentemente de que en algún período de tempo non estean activas. O Plan de Hospitalización de período estival contempla que se monitoriza diariamente tanto a demanda asistencial como a presión de urxencias, de tal xeito que se o número de pacientes pendentes de ingreso sen cama asignada no servizo de urxencias ás 15 horas é maior de 5 ou o nivel de ocupación das camas de hospitalización é igual ou maior ao 90%, se procede a poñer en funcionamento as camas precisas da terceira planta.

O número de pacientes ingresados en setembro e outubro está por debaixo da media de ingresos urxentes durante os dez primeiros meses do ano e a porcentaxe de ocupación nunca chegou ao límite establecido no Plan de apertura de unidades.

Da análise dos resultados valoramos que a actividade asistencial levada a cabo no Hospital do Salnés desenvolveuse, en todo caso, cos principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos, eficiencia na asignación dos recursos e calidade.

Dentro das melloras no ámbito dos recursos humanos a través do Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en total estabilizáronse no Salnés 42 profesionais. O total de profesionais estabilizados na primeira fase foi de 27, na segunda fase 9 e na terceira fase 6.



O Sergas, como ven facendo ata o de agora, dotará de recursos humanos ao Hospital do Salnés segundo as necesidades asistenciais o requiran.

A modificación da Lei é administrativa, non supón ningún cambio para os cidadáns. Non haberá cambios de médico nin de hospital.

Na organización territorial a nova organización establece a división en áreas sanitarias e distritos como divisións territoriais desas áreas. Búscase acadar a óptima utilización de recursos humanos e materiais dentro da área sanitaria e unha atención ao paciente máis eficiente.

En canto aos recursos humanos a norma permite a mobilidade voluntaria de profesionais dentro da área favorecendo o achegamento ao lugar de residencia e a conciliación da vida laboral e familiar dos traballadores do Sergas.

Facilita unha maior dispoñibilidade de profesionais, que ata o de agora non era posible polo fraccionamento que existía nas EOXIs en áreas como Verín, Cervo, Monforte e O Salnés, garantindo a cobertura de especialidades como pediatría.

En base ao anteriormente exposto e moi importante destacar a posibilidade de que os profesionais do Hospital do Salnés poidan desempeñar as actividades formativas clínicas máis complexas no CHOPO, favorecendo así o desenvolvemento da cualificación dos profesionais que beneficiarán ao usuario do Salnés".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:36:16
Nº Rexistro: 41055
Data envío: 29/11/2018 10:36:16.187

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:36:12

CSV: REXISTRO-DqvuVsNcH-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40001**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“o coñecemento, a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores das empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre, así como o control que está a levar a cabo respecto da prestación do servizo”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é coñecedor de que as centrais sindicais dos traballadores das ambulancias do transporte sanitario terrestre están a demandar a negociación do Convenio Colectivo para as empresas e traballadores de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia prorrogado desde o ano 2016.

En relación ao transporte sanitario urxente terrestre concertado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, trátase dun servizo que garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia de alta calidade. Un servizo que acada elevados niveis de satisfacción por parte dos usuarios cunha puntuación media do servizo de 9,3 (nunha escala de 0 a 10).

Os contratos vixentes subscritos entre a Fundación e as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urxente terrestre recollen a obriga destes últimos, con respecto ao persoal que empreguen, do cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e do disposto no Convenio Colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

Tal como establece a lexislación laboral e social vixentes son os adxudicatarios, en relación ao seu persoal, os que ostentarán todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresarios, sen que en ningún caso poida alegarse por dito persoal dereito algún en relación á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 ou á Consellería de Sanidade.

Isto quere dicir que se por parte dos traballadores ou dos seus Comités de Empresa, se aprecia algunha irregularidade no cumprimento do Convenio ou da lexislación vixente deben dirixirse aos



órganos competentes para garantir os dereitos dos traballadores en materia de seguridade e saúde laboral, pois ese incumprimento, acreditado mediante resolución firme da autoridade competente, podería ser sancionado pola Fundación, que noutro caso non tería potestade.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 reúnese periodicamente cos adxudicatarios do servizo do transporte sanitario urxente terrestre. Nestas reunións trátanse todos aqueles temas propostos que poidan ter relación coa calidade do servizo e con melloras na súa prestación, así como do seguimento do contrato.

A Fundación realiza unha inspección periódica de todos os vehículos para garantir que durante o período de execución de contrato cumpren con todas as características esixidas nos pregos.

O novo procedemento aterase estrictamente, como en anteriores ocasións, ao disposto na lexislación vixente, realizarase, polo tanto, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas comunitarias en materia da contratación pública 2014/24UE, 2014/25/UE e 2014/23/UE”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:35:58
Nº Rexistro: 41053
Data envío: 29/11/2018 10:35:58.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:35:54

CSV: REXISTRO-oCchHYPAI-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40110**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía. Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da iniciativa 40105 que tivo lugar na sesión plenaria do 20 de novembro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-20?part=1301f080-86e4-484d-a177-823b582e9d73&start=12773>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 16:37:35
Nº Rexistro: 4111
Data envío: 29/11/2018 16:37:35.981

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 16:37:13

CSV: REXISTRO-4FIRhhez-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:35:45
Nº Rexistro: 41052

Data envío: 29/11/2018 10:35:45.531

Data 29/11/2018 10:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40156**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á situación da atención pediátrica no concello de Zas, as súas previsións en relación co restablecemento das trinta e cinco horas semanais de atención que se viñan prestando, así como o establecemento dalgunha compensación económica para aquelas familias que teñen que desprazarse ata 40 quilómetros para recibila e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación.

Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida, e que están dotadas de persoal sanitario e persoal de servizos xerais que se adecúa ao ratio de poboación con tarxeta sanitaria (TIS).

Actualmente existe, en Galicia e no conxunto do España, un déficit de especialistas en pediatría dispoñibles de ser contratados para cubrir as prazas xa existentes nos centros de saúde. Esta situación vese agravada nos períodos de ausencias estivais dos cadros de persoal habituais, que están recollidas como dereito dos traballadores.



Nos últimos anos a poboación pediátrica atendida en Baio e Zas diminuíu un 51%, de xeito que pasou de case 600 nenos e nenas no ano 2000 aos pouco máis de 300 actuais, o que xustifica o axuste dos horarios de atención.

En relación á cobertura da atención pediátrica, nos referidos municipios se realizaba en quenda completa de mañá, e agora se reaxustaron no ano 2018 a un horario de 12 a 15 horas.

Na actualidade, nos municipios de Baio e Zas hai unha pediatra que da cobertura todos os días da semana a unha poboación de 331 nenos/as: os luns e xoves no centro de Baio, e os martes, mércores e venres no centro de saúde de Zas, cunha media de ocupación das axendas no ano 2018 de 10 nenos/as por día. No horario do centro de saúde, se presta tamén atención por médicos/as de familia, que están capacitados para realizar asistencia, se fose preciso, á poboación infantil.

Os nenos de Baio e Zas contan con atención pediátrica, estando o servizo garantido para a poboación cuberta, cunha proximidade razoable e nuns horarios que permiten a conciliación da vida laboral, escolar e familiar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:35:45
Nº Rexistro: 41052
Data envío: 29/11/2018 10:35:45.531

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:35:21

CSV: REXISTRO-mNevP4hpj-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40248**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández sobre, **“os plans de continxencias previstos polo Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, a consecuencia dos picos da gripe ou outras enfermidades infecciosas, as súas razóns para non atender as demandas dos profesionais referidas aos medios e dispositivos de asistencia necesarios e o prazo previsto para mellorar os cadros de persoal dos centros sanitarios públicos, así como a súa opinión respecto do prazo de tempo razoable para a permanencia dunha persoa nun servizo de urxencias dende a súa entrada ata o seu ingreso en planta”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente no mes de outubro os -Plans de Continxencia- para a época da gripe. Os mesmos son elaborados e asinados por cada unha das EOXI en colaboración cos profesionais e remitidos á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Hai que ter en conta ademais que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á descontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.

Os Servizos de Urxencias dos hospitais públicos de Galicia contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Nos últimos anos leváronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación, nos servizos de urxencias nalgúns hospitais como o CHUAC, o Hospital do Salnés, melloras no servizo de urxencias de Montecelo, a área de curta estancia dependente de urxencias no CHUO, habilitación de espazos no Hospital da Costa para realizar a triaxe, etc.

En calquera caso, o Servizo Galego de Saúde segue a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, a fin de proporcionar unha adecuada asistencia a nosas e nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara o futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.



Os Servizos de Urgencias dos hospitais do Servizo Galego de Saúde están dimensionados, tanto en estrutura física como en recursos humanos e técnicos, para atender dunha maneira axeitada a un número determinado de pacientes, en base a poboación de referencia que atenden.

Seguimos a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, a fin de proporcionar unha adecuada asistencia a nosas e nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara o futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

O Servizo Galego de Saúde fai un seguimento continuo da actividade e tempos de agarda de todos os servizos e hospitais da rede pública de Galicia.

O tempo de asistencia, é dicir o tempo entre a entrada en urxencias e o primeiro contacto varia dependendo da clasificación (triaxe) feita nunha primeira atención, e que van desde os clasificados vermellos (críticos) sen ningunha demora (cúmprese o estándar de 0 minutos), ata os de niveis azuis, estándar 240 minutos.

Os tempos medios de atención segundo a triaxe dos e das pacientes, no ano 2017 no SERGAS foron os seguintes: pacientes máis urxentes (vermello) atendéronse sen ningunha demora (cúmprese o estándar de 0 minutos); pacientes laranxas, tiveron unha espera media de 12 minutos (estándar 10 minutos); pacientes amarelos, tiveron unha demora media de 44 minutos, (estándar 60 minutos); pacientes verdes, cunha demora media de 51 minutos (estándar 120 minutos) e pacientes azuis con demora media de 78 minutos (estándar de 240 minutos).

Nos servizos de urxencias a atención individualízase en función da prioridade clínica e o estado do /da paciente.

Así mesmo, hai que ter en conta que entre a entrada do/a paciente e a subida a planta realízase a súa avaliación, se lle fan probas diagnósticas, se lle aplican tratamentos e poden precisar de avaliación por determinados especialistas que non están nos servizos de urxencias hospitalarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 10:45:35
Nº Rexistro: 41068
Data envío: 29/11/2018 10:45:35.569

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2018 10:45:22

CSV: REXISTRO-mNznWJw6-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727